



DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓN DE PUBLICIDADE PARA AS ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA IGNICIA

O **artigo 6** da resolución individual de concesión establece como obriga dar publicidade á achega recibida nos contratos de servizos, así como en calquera outro convenio ou contrato relacionado coa execución do proxecto, incluída a subcontratación, e en axudas, publicacións, relatorios, equipos, material inventariable e actividades de difusión de resultados financiadas con ela, mencionando expresamente a súa orixe e o co-financiamento da Xunta de Galicia a través do Programa Ignicia. Ademais, deberán publicar a concesión da achega na páxina web da entidade e mantela actualizada.

En consecuencia, as obrigas de publicidade para as entidades beneficiarias concretaranse en:

- a. Dar publicidade á achega recibida nos contratos de servizos, así como en calquera outro convenio ou contrato relacionado coa execución do proxecto, incluída a subcontratación, e en axudas, equipos e material inventariable financiados con ela, mencionando expresamente a súa orixe e o co-financiamento da Xunta de Galicia a través do **Programa Ignicia**.
- b. Nas publicacións, relatorios, actividades de difusión de resultados e calquera outra actuación relacionada co proxecto farase expresa mención: “proxecto cofinanciado pola Xunta de Galicia ao abeiro da **Resolución da Axencia Galega de Innovación do 18 de abril de 2018 (Programa Ignicia)**”.
- c. Na páxina web da entidade farase igualmente mención: “proxecto cofinanciado pola Xunta de Galicia ao abeiro da **Resolución da Axencia Galega de Innovación do 18 de abril de 2018 (Programa Ignicia)**”.
- d. Realizar un evento de difusión á finalización do proxecto para expoñer os resultados non suxeitos a confidencialidade, no que se poñerá de manifesto o apoio da Xunta de Galicia a través do **Programa Ignicia**.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



Axencia Galega de Innovación
Rúa Airas Nunes, s/n - Conxo
Edificio CNTG
15702 Santiago de Compostela

- e. Achéganse os logos da Xunta de Galicia e da Axencia Galega de Innovación, así como un JPEG da ordenación correcta, para complementar a dita publicidade. Con respecto a estes logos, deberían incluír a ligazón á Web de GAIN (<http://gain.xunta.gal>) e ter en conta o [Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia](#).

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019

A Axencia Galega de Innovación
servizos.gain@xunta.gal